

## EL SENYOR BENESET

El fill del senyor Beneset arriba a la residència geriàtrica i saluda la noia que hi ha a recepció, una noia amable i sensata que va ser, de fet, qui, quan buscava una residència on cuidessin el senyor Beneset, va decantar la balança i va fer que optés per aquesta i no per l'altra que també li agradava, al Putxet. La noia i el fill del senyor Beneset xerren de quatre coses. De com va la vida en general, de la Setmana Santa que s'acosta, del nou asfaltat del carrer i de com està el senyor Beneset últimament. Quan ja sembla que han parlat prou estona, el fill diu «En fi...» i somriu com dient «És molt interessant la conversa però t'he de deixar i he d'anar a l'habitació». La noia, que en el fons està cansada d'haver de parlar de quatre tòpics semblants amb cada familiar o amic de cada resident, fa cara d'«Hòstia, a mi també em sap molt de greu, però entenc que hi ha coses que són primordials, i una és visitar el pare». De manera que el fill del senyor Beneset s'allunya del taulell i va cap al pati. El traves-

sa fent sonar la grava sota els peus amb ímpetu adolescent, entra a l'ascensor, arriba a la planta tercera i enfila el passadís cap a l'habitació. És la 309. Truca amb els dits: toc toc toc; primer suau, després més fort i, finalment, com que no hi ha resposta—el senyor Beneset sordeja tant que és probable que no el senti—, fa girar el pom de la porta i hi entra. El senyor Beneset és davant del mirall. Es posa bé les calces, unes calces negres, de blonda, d'aquestes que els francesos en diuen *culottes* i els anglesos *French knickers*.

—T'he dit sempre que truquis, abans d'entrar a les habitacions—diu el senyor Beneset.

—Ja he trucat, pare, però no em senties! —diu el fill. Crida perquè, si no cridés molt, això tampoc no ho sentiria. Està a punt de preguntar-li com és que fa mesos que no es posa el sonotone, que de què van servir tots aquells viatges a la botiga del carrer Balmes, per fer-ne el motllo i ajustar-lo, i ensenyar-li com es col·loca, si ara el sonotone és sempre dins de l'estoig, oblidat en un calaix. Però no diu res perquè calcula que, si ho fes i (per aquelles coses de la vida) el pare decidís tornar-lo a fer servir, seria ell l'encarregat de buscar piles noves, d'ensenyar-li una altra vegada a col·locar-se'l, i qui sap si fins i tot hauria

d'engegar una altra vegada el procés per fer-li el motllo, perquè amb el temps aquesta mena de plàstics perden flexibilitat i, un cop endurits, ja no s'ajusten com al principi i s'han de fer de nou. Per això s'estima més callar.

—T'ho he dit sempre, des de ben petit, que truquis a les portes abans d'entrar a les habitacions. ¿Que no t'ho he dit sempre?

El fill s'acosta al pare i li fa un petó a la galta. El pare també n'hi fa un, i l'agafa pel clatell, perquè no allunyi la cara i així poder-n'hi fer un altre. El pare estima molt el seu fill. És l'única cosa que té al món.

—Però tu, sempre com si sentissis ploure. Se't diuen les coses i no en fas cap cas.

—Pare...

—Ara em diràs que no és veritat. —El senyor Beneset va ben afaitat i el bigoti blanc li resplendeix sobre la pell morena. Mira el seu fill fixament—. ¿Que beus? No beguis, eh, que a tu sempre t'ha agradat beure. Tens el nas vermell, i el nas vermell el tenen els que beuen molt. Per això, als tebeos, als borratxos els pinten un nas vermell. I tu tens el nas vermell. No beguis, t'ho dic jo. Fixa't què li va passar al tiet Toni, que va acabar alcohòlic. Ai, el Toni... Aquell també be-

## *O señor Beneset*

O fillo do señor Beneset chega á residencia xeriátrica e saúda á moza que está na recepción, unha moza amable e asisada que, de feito, cando andaba á procura dunha residencia onde coidasen ao señor Beneset, foi quen decantou a balanza e fixo que se decidise por esta e non por aqueloutra que tamén lle gustaba, no Putxet. A moza e o fillo do señor Beneset botan unha parolada. De como vai a vida en xeral, de que xa logo é Semana Santa, do novo asfaltado da rúa e de como está o señor Beneset ultimamente. Cando parece que xa levan falado un bo cacho, o fillo di «En fin...» e sorrí como dicindo «A conversa éche moi interesante pero teño que deixarte e ir ao cuarto». A moza, que no fondo está cansa de ter que parolar dos mesmos catro tópicos con todos os familiares e amigos de todos os residentes, pon cara de «Hostia, eu tamén o sinto pero hai cousas que son primordiais, e unha éche ir visitar o pai». De maneira que o fillo do señor Beneset se afasta do mostrador e vai para o patio. Atravésao facendo triscar o cascallo baixo os pés con

pulos de adolescente, entra no ascensor, chega ao terceiro andar e colle polo corredor cara ao cuarto. É o 309. Peta cos cotenos: toc toc toc; primeiro amodo, logo máis forte e, ao final, como non hai resposta —o señor Beneset quedou tan xordo que é probable que non o sinta—, xira o pomo da porta e entra. O señor Beneset está diante do espello. Pon ben as bragas, unhas bragas negras, de blonda, desas que os franceses chaman *culottes* e os ingleses *french knickers*.

—Téñoche dito que petes antes de entrar nos cuartos —di o señor Beneset.

—Petei, papá, petei, pero ti non me sentiches! —di o fillo. Berra porque, se non berrase moito, tampouco o sentiría. Está a piques de preguntarlle por que hai meses que non pon o sonotone, que de qué serviron todas aquelas viaxes á tenda da rúa Balmes para lle facer o molde e axustarllo, e aprenderlle como se coloca, se agora o sonotone está sempre no estoxo, esquecido nunha gabeta. Pero non di nada porque calcula que, se o fai e (por aquelas cousas da vida) o pai decidise volver usalo, había ser el o encargado de ir buscar pilas novas, de aprenderlle unha e outra vez a poñelo, e quen sabe se non había ter que volver empezar o proceso para facerlle o molde, porque co tempo este tipo de plásticos perden flexibilidade e, unha vez endurecidos, xa non axustan como ao principio e hainos que facer de novo. Por iso prefire calar.

—Mira que cho teño dito, desde pequerrecho, que petes na porta antes de entrar nos cuartos. E logo, non cho teño dito?

O fillo achégase ao pai e dálle un bico na meixela. O pai tamén lle dá un e cólleo pola caluga para que non

afaste a cara e darlle outro. O pai quere moito ao seu fillo. É o único que ten no mundo.

—Pero ti, sempre como quen ve chover. Mira que cho teño dito e ti nin caso.

—Papá...

—Non me digas que non é verdade —o señor Beneset vai ben afeitado e o bigote branco reloce sobre a pel morena. Mira para o fillo fite a fite—. Ti bebes? Non me bebas, eh, que a ti sempre che gustou beber. Tes o nariz colorado, e o nariz colorado éche dos que beben moito. Por iso nos tebeos pintan os bébedos cun nariz colorado. E ti tes o nariz colorado. Non me bebas, eh? Mira o que lle pasou ao tío Toni, que acabou alcohólico. Ai, o Toni... Ese tamén che bebía moito, por iso acabou alcohólico. Pero el tiña unha razón para facelo. Morreulle a filla e a muller deixouno, coitadiño. Xa cho teño contado.

Ao señor Beneset échenselle os ollos de bágoas, pero fai como que non. O fillo decátase de que cortou o cabelo moi curto. Para axudalo a mudar de tema, fai cos dedos as tesoiras mentres sorrí e asente en sinal de aprobación. A cara do señor Beneset ilumínase.

—A que me quedan ben así, curtiños? A esta idade o cabelo curto queda mellor. Non tes que andarte preocupando de peitealo. E cando o lavas seca deseguida e non apañas unha pulmonía.

Do respaldo da cadeira, o señor Beneset colle un suxeitador, tamén negro e tamén de blonda. Ten os brazos tan fracos que, cando os pon por detrás das costas para abrochar o xustillo, parece que lle vaian romper. O fillo achégase para axudalo.